

Mural cerámico con
esceas de seitura
realizado para o
antiguo Centro lucense
de Buenos Aires, hoxe
no Centro Galego.



FERNANDO MARTINEZ VILANOVA

Vilarchán, Ponte-Caldelas, Pontevedra, 1949

Licenciado en Belas Artes pola Facultade de BBAA San Jordi de Barcelona e Doctor en Historia da Arte BBAA Universidade de Vigo. Catedrático de Debuxo de Instituto. Pintor, gravador e crítico de arte. Ten publicado entre outras monografías: *Uxio Souto, escultor*; *Camilo Nogueira*; *Carlos Sobrino*; *A pintura galega 1850-1950. Escola, Contextualización e Modernidade*, Ed Xerais, Vigo (Tese de Doutoramento). Ten realizado múltiples exposicións individuais e colectivas.

A arte de Seoane no Laboratorio Industrial



Fernando M. Vilanova

Inicialmente quixera ofrecer unha explicación do título que preside a miña exposición por canto imos tratar aquel aspecto da obra de Seoane que ten unha vocación máis plural, máis comprometida sociolóxicamente, e dicir o produto que quere chegar a sociedade, ben polo seu carácter seriado e non de obra única (como o formato ao óleo) e mesmo a que se abre a participación do público tanto no seu formato mural como na obra editorial, nas capas de libros, na ilustración gráfica ou mesmo na produción industrial ou publicitaria. A vocación de creador integral, á que Luis Seoane manterá fidelidade dende os primeiros aos derradeiros anos da súa vida, enmárcase nestes parámetros, e que considero chave para entender tanto a evolución como o sentido de calquera parcialidade da súa obra.

O esquema que propoñemos explica a relación que se vai establecer entre os diferentes xéneros da súa produción creadora:

⇒ Mundo editorial Obra gráfica

Obra poética e de ensaio

⇒ Deseño publicitario Muralismo Pintura

Obra poética e de ensaio

⇒ Mundo Industrial Cerámica Tapices

A *obra poética e de ensaio* solápase e non se exclúe do resto da súa produción integrándose coherentemente entre os aspectos máis bi-dimensionais da súa creatividade e mesmo como seu complemento.

Luis Seoane, artista que tivo a visión de situar a súa actualización artística entre dous continentes, tivo entre a súa inxerencias artísticas o factor de comunicación da arte, aspecto común a moitos artistas da súa xeración.

Mesmo nun magnífico ensaio que Seoane fai da obra de Castelao, afirmaba como precepto, que o rianxeiro posuía este don, valor neste intre moi estimado, xa que serán moitos os artistas autodidactas que se inician nese medio pola necesidade de chegar ao pobo, como o seu admirado Carlos Maside. Seoane foi un grande erudito e xa desde moi cedo mostra a súa desconformidade cos historiadores da arte convencionais que encadran aos artistas en compartimentos e esquecen os factores transversais. Entre eses factores transversais, a interacción da arte na sociedade, e o utilitarismo, forman, no período dos anos vinte ata a guerra europea, un dos argumentos máis esixentes polo forte compromiso ideolóxico que os artistas asumen neses anos.

Estableceremos entón un esquema simple da relación entre as artes visuais e a literatura, esquema no que nos parece que se sitúa Luis Seoane e moitos dos seus compañeiros de xeración:

Relación entre artes visuais e literatura

- ⇒ Factor de Comunicación
- Desenrolo industrial artes gráficas
- ⇒ Libro
- ⇒ Viñetismo
- ⇒ Ilustración
- ⇒ Afiche
- ⇒ Publicidade gráfica

Evolución Estética-----SIMBOLISMO

- ⇒ Tema social
- ⇒ Histórico
- ⇒ Idealista
- ⇒ Rexionalismo costumista

Esta inqueda ten no Santiago de Compostela de 1930 o seu fundamento, como el mesmo referirá. Esta cidade será a referencia para entender a evolución cultural e política do século XX en Galicia e aquí Seoane topará o seu crisol no período anterior a guerra civil. O seu grande amigo Arturo Cuadrado rexentará una librería, mesmo


con unha peculiar vontade social. Carlos Maside con quen compartirá unha relación de por vida, centrábase mesmo no debuxo satírico como efecto da influencia que as revistas alemás como *Simplicissimus* exercían como nova literatura de introdución social e cuxa actualidade era posta de manifesto polos bolseiros galegos en Europa. Seoane beberá directamente destas fontes.

En Santiago deu clases Xoan Vicente Viqueira pensador formado en París a carón de Henry Begson, e en Alemaña, na Escola de Gotinga sendo un grande coñecedor das experiencias sobre a fisioloxía da visión que logo desembocarían na *Gestalttheorie* e a súa proxección na análise do feito artístico. Viqueira foi mestre de Maside e animador mesmo das tertulias santiaguesas da FUE no Café español onde Seoane era asiduo asistente. Aquí falábase do muralismo mexicano, comentándose as ilustracións e os contidos que achegaba a revista *Forma* editada polo Goberno de México onde se loaba a arte popular mexicana e a súa influencia nunha arte nova, aberta e plural.

Na Coruña édítase dende 1920 unha revista que vai ter fondo predicamento nesta xeración. *Alfar*, como di César Antonio Molina, pasa por ser a revista cultural máis importante da península, e nela vértense contidos literarios e estéticos moi vinculados ao ultraísmo, e dicir unha aposta de actualización do *art mouveau* en clave máis literaria e vangardista. En *Alfar* haberá aportacións de Lorca, Picasso ou Dalí. Mesmo se sentan os precedentes para a estética rexionalista desde un artigo de Alejandro Ferrant onde se estruturan os seus valores nos aspectos máis conservadores a relación entre natureza e tradición.

Unha experiencia inédita na península mesmamente vai ser a aparición da cerámica Celta de Pontecesures dirixida por Ramón Diéguez, en aberta relación co mundo artístico. Nela van colaborar Eiroa, Maside, Asorey, Castelao, Acuña,... tendo como obxectivo divulgar as formas escultóricas destes artistas e a súa simboloxía de extracción popular. Seoane coñecerá esta experiencia e con toda seguridade a súa impronta terá o seu peso nos futuros proxectos que moitos anos máis tarde desenvolverá na cerámica.

O primeiro Seoane nace no berce destas coordenadas como ilustrador da Barraca Resol, colaborando co seu amigo Rafael Dieste coas Misións Pedagóxicas, un refe-



O vello do paxariño, oleo sobre lenzo 1949

rente máis deste período á vocación de divulgación social e de compromiso, ante as grandes distancias culturais que se abrían entre as clases sociais do nos país.

Como resumo pois sinalaremos que neste período de estudante xurde o seu compromiso, o amor ao país e a

admiración polo valor da arte como ferramenta de comunicación gráfica. Si ben é moi coñecida a filiación dos seus temas mesmo con este período, a muller como démeter a quen mesmo relacionará con Galicia en "Mater Gallaeciae", a hexemonía feminina nunha sociedade matriarcal como transmisora dos aspectos positivos da

tradición; o home como vítima social, un heroe pasivo que sinte sen comprender; o entronzamento e a procura de intemporalidade das súas figuracións con base no mundo románico da ategada Compostela, están na relación e no intercambio de valores da xeración da Escola Galega que ten neste momento o seu berce e que Seoane viviu nesta etapa con intensidade.

Sendo así, non é menos certo que tamén en Compostela xurde mesmamente a súa vocación de artista integral, aberto a todas as posibilidades expresivas no perfil do concepto ruskiano de que un creador é sempre un, aínda que se diversifique en xéneros. En "arte mural e ilustración", recoñéceo cando afirma: "...En mi época de estudante en Santiago conocimos los dibujos de Simplicissimus, de Olaf Gulbranssöm, de los grabadores alemanes...", o que aclara una vocación inicial do que vai ser fío condutor permanente para a súa obra.

Deste primeiro Seoane destacaríamos a súa aportación á campaña do Estatuto do 36 onde aporta un cartel magnífico. Trátase dunha escena mariña na que un polbo ten engulido a un home cos seus tentáculos, nun xeito de revisión do Laoconte, que tamén tratou Asorei. Realizado en tons sepia alude a loita do home, e do pobo contra as ligazóns da historia que o estrangulan.

En Seoane podemos trazar diversos aspectos que explicarían ese concepto integrador das artes que asume como disciplina de traballo. Un deles é a relación entre literatura e artes visuais. A literatura para Seoane relaciónase coas artes visuais por medio da ilustración, ben como ilustrador de textos (complemento da linguaxe escrita), ou mesmo como antesala, como presentación do libro mesmo dende as súas capas. Un crítico amigo fala de Seoane no que as súas capas "...no abren pues un libro, ni siquiera introducen al lector en su texto, lo declaran entero". Entendeu nese senso como ninguén os libros exclusivos de ilustración de William Blake, no que a poesía e as artes visuais maniféstanse como dous medios afíns dun esforzo espiritual unificado. A súa *paideia planetaria* na que Seoane se inscribe, fai propias as motivacións dos socialistas utópicos de Sheffield e as propostas de dignificación estética de Ruskin e Morris. Deste último coñece as aportacións do libro como ente artístico independente, por riba do seu contido e o valor das artes gráficas ruth no xeito de cambiar o mundo, En "Arte mural e Ilustración" di :

"...Esta inquietud artística nació en Inglaterra a finales del siglo XIX y en ella se afirma el valor del diseño en tipografía y del ornamento e ilustración de sus páginas..."

En Bos Aires, xa exiliado, inicia o seu labor como ilustrador. Edita "13 Estampas de la traición", un conxunto de debuxo satíricos sobre o General Franco cunha grande influencia de Grosz e os ilustradores alemás antifascistas. Seguiranlle unha innumerábel colección de títulos entre os que se destacarían "Catro poemas para catro grabados" co seu amigo Lorenzo Varela a quen tanto deberá, e máis tarde o gran cartafol de debuxos "Homenaje a la torre de Hercules", canto en perfís ultraístas ao Finisterre galego. Debuxos que teñen clara referencia á iconoloxía albertiana, caracolas, nep-tunos, redes sirenas, estrelas de mar, sirenas varadas... aspecto que coincide co traballo que levaba adiante escuramente Urbano Lugrís en Galicia. Este cartafol daralle un grande prestixio persoal e abrialle definitivamente as portas como artista plástico.

As súas xilografías iniciais baséanse na forza gráfica da liña, e na relación dispositiva entre os planos brancos e negros. Figuras femininas, fouces, lúas, estrelas, distribúense na composición entre o grande impacto tonal. O vínculo coa literatura vai máis alá que a súa propia relación cos textos impresos na edición:

"...para mí el grabado estuvo siempre unido al tema y por sus fines originarios con multiplicidad de copias tiene un sentido popular que nunca a mi juicio tuvo el óleo. Posee desde sus comienzos una finalidad narrativa y yo trato de ser fiel a esa naturaleza... A esto mismo se debe el cuidado de los títulos que trato de unir al mundo del grabado. Alguien los encontró literarios, pero "literatura"... es una parte de mi obra."

O ano de 1950 marca unha liña ecuatorial na súa creatividade. Visita Europa, coñece a Picasso, a Henry Moore, o mundo artístico parisino, as novas tendencias, e a súa volta a Arxentina revoluciona o afiche publicitario co seu cartel de Cinzano. Este afiche iniciará o Seoane contemporáneo. En Arxentina ata daquela, a publicidade era practicamente figurativa, e a partires desta experiencia paulatinamente trocarase en abstracta, fusionarase cosas tendencias xeométricas do *decó*, do construtivismo e mesmo do cubismo para ofrecer una nova imaxe no campo da publicidade. Seoane entende que este e o




Cartel para a campaña plebiscitaria do Estatuto de Autonomía de 1936

novo camiño non só para este campo senón para a súa pintura, obra mural e mesmo para a xilografía.

Na editorial Botella al Mar levará adiante por medio da xilografía una actividade frenética. Son os seus mellores

momentos como gravador. Falará máis adiante da influencia que exerceu esta experiencia na súa obra pictórica e mesmo nos murais, e como se inspirou nas cores populares, nos naipes, na lona dos circos ou na verticalidade do mosaiquismo bizantino. Esta práctica da xilografía



Cuberta do Cartafol de debuxos "Homenaje a la torre de Hercules" Buenos Aires 1943

Trece estampas de la traición, cartafol de debuxos. Buenos Aires 1937



aplicada ao mundo editorial converte os libros de Seoane en colecciónábeis por canto era un momento no que as novas máquinas Heidelberg estaban invadindo a actividade gráfica nas editoriais, asumindo Seoane unha responsabilidade que explica a súa determinación estética. Fronte a automatización industrial responde con métodos artesanais convencido de que a man do home aínda esta por riba da máquina no xeito de categorizar esteticamente un libro. E unha fuxida cara adiante, similar a adoutada polos realistas franceses do século XIX cando apareceu a fotografía.

A xilografía perderá os seus rasgos clásicos que seguían a artistas como Antonio Berni, e multiplícanse en diferentes pranchas de color. Os seus murais e a súa pintura nótrese da experimentación do gravado e os planos superpóñense moitas veces como si foran estampados fóra de rexistro, onde aparecen desfasadas as manchas brancas de fondo que se incorporan desde o seu desaxuste formal ao primeiro plano. No muralismo a experimentación ábrese ao intercambio de materiais: pedra, granito, mármore, chapa de ferro. A simultaneidade de pranchas do gravado equipárase no muralismo coa práctica do estarcido, o fileteismo e o traballo con plantillas, permitirá conseguir espazos por superposición con áreas de difícil previsión por outro medio. O seu labor será extraordinaria, realizando máis de trinta grandes murais na capital arxentina.

O muralismo tiña experiencia na Arxentina desde a chegada de Siqueiros e a fundación do seu Equipo Poligráfico. Este equipo, se ben non fai un seguimento liñal aos perfís didácticos do muralismo mexicano en clave descritiva, de "cómic", como os existentes en México, si mantén por ideoloxía, impactar coa cor, a forma e o contido informativos gráfico-plásticos. É o que se ten chamado un muralismo pedagóxico

Seoane criticará a opción poligráfica e aquí radica parte do seu acerto. Fronte a unha presentación pedagóxica da arte mural, Seoane apostará por unha presentación máis sociolóxica que non prescinda da evolución estética,

da relación da cor e as formas co medio arquitectónico por medio dos novos materiais. Manterá as súas bases na premisa dunha arte que fabrica novos modelos plásticos contra da arte que imita as cousas.

Seoane relacionase con antigos compoñentes da Bauhaus como o fotógrafo Horacio Coppola e a súa dona Grette Stern, e ten entre cella e cella o concepto de abolición da distancia entre artes maiores e menores propio do programa Arts & Crafts que pretendía aproximar o fermoso e o útil nunha beleza ao alcance de todos. Tamén terá peso a moda "art déco", que actualiza con deseños xeometrizarantes, nunha ecléctica do cubismo, o mundo artesanal.

Home documentado, le a Severini, e a Leger, e o seu dinamismo plástico será prantexado fundamentalmente na obra mural. Así o expresa no seu artigo da Revista de Belas Artes da Universidade "El color como necesidad y funcionalidad" onde replica aspectos que Léger describe no seu ensaio sobre a simboloxía e utilidade da cor na arquitectura.

Como gran sintetizador de conceptos, nestes murais manifesta claramente a vontade innovadora nunha arte total sen complexos, que é un dos preceptos construtivistas, na que o estilo, a forma e a cor serán os fíos condutores, e os materiais outorgarán a carga plástica, de aí a súa importancia dunha elección axeitada. Haberá pois concesións ao entorno e a súa servidume, así nunha fachada, os materiais son o máis imperecedeiros posíbeis: mármore e granitos utilizados nunha taracea como grandes lousas planas en diferentes cores, moi similar ao que se realizan no noso país de maneira intuitiva, inxenua e kitsch cos restos das marmoleiros para empedrar soleiras e fachadas. Nos interiores, nos vanos das escaleiras, lugares de paso e servidume, reproduce réplicas das súas pranchas xilográficas en grandes chapas de ferro recortadas (recordando as oquedades de Henry Moore), pintado en negro con remates de bronce. Nos grandes espazos aéreos traballa coa cor e o estarcido simultáneo relaciónase cun grafismo independente. Xogando co diálogo entre interior e exterior Seoane utilizará a luz como elemento de diálogo por medio das vidreiras e o seu colorido, onde mesmo innova en materiais alternativos que lle suministra a industria da construción. Seoane traballara sen reservas con cerámica, vidro, forxa, plásticos e pintura.



Cuberta do libro *Cuaderno de viaje* de Simón Scheimberg pro Seoane, Editorial Botella al mar 1954



Affiche publicitario para a firma "Cinzano", 1951


En Galiza, para a factoría de Sargadelos realiza un magnífico mural con xisto gris da Mariña lucense, pedra branca e porcelana amarela homenaxeando a Ibáñez. Trátase dun dos poucos murais que construíu no noso país, como testemuña dunha actividade onde a súa obra acada a proxección máis acertada de toda a súa plástica.

Aínda que non represente un aspecto central da miña exposición neste momento convén recordar que a súa



Dúas mulleres, óleo sobre lenzo 1959

"Esperando o páxaro de lúas"
xilografía en dúas planchas 540 x 480mm



pintura de cabalete, influenciada na súa primeira etapa nos seus colegas da renovación da escola galega, sobre todo Colmeiro e Maside, recibirá un impulso definitivo coas experiencias que vai acumulando en outras áreas de traballo, estando en condición de afirmar que a suma da experiencia mural+ilustración+ xilografía+affiches publicitarios é definitivo para interpretar a súa obra de cabalete. Esta trocarase, no entorno de 1950 como data chave a que fixemos xa referencia, diametralmente de estilo acuñando os modos cubistas e constructivistas procedentes desa experiencia aditiva persoal: "*...La experiencia que supuso en mí la pintura plana que extendí por muchos metros cuadrados de paredes como los artistas románicos...*" (En "Arte mural la Ilustración"). Tras deles manterase intacta a fidelidade iconolóxica ás súas orixes: a muller que identifica mesmo co noso país en "*Mater Gallaeciae*", ao home, o lecer, a iconoloxía histórica, ao traballo, a emigración, as lendas.

En 1954 chega a Buenos Aires Isaac Diaz Pardo e xunto co ceramista castelán, Fernando Arranz, exiliado como Seoane, inician nas porcelanas Magadlena, nunha localidade a 80 km da capital arxentina, a experiencia ceramista que cristalizará posteriormente en Galiza na factoría Sargadelos ás que se unirá o arquitecto Fernández Albalat. O esquema empresarial seguirá a estrutura das escolas de artes e industrias progresistas da URSS (a Vchutemas que tanto admirou Seoane), da Bauhaus e o movemento Arts & Crafts. En Sargadelos, parte levarase adiante, creando unha editorial libre, O castro; un museo de arte moderno galego, que garde fidelidade a renovación pictórica da súa xeración, –o museo Carlos Maside– o primeiro destas características en Galiza, O instituto Xeolóxico de Laxe, una compañía de teatro, un Instituto Galego de Información, cadeas de galerías de arte e conferencias en cada tenda de distribución e unha emisora de radio.

Moitos destes proxectos non foron posíbeis mesmo pola situación política de liberdades no país, mais o certo é que Sargadelos foi un modelo triunfante desde o seu inicio, marabillosa plataforma no que todos nos vimos reflectidos en clave positiva. Prolongación dunha cultura material con fonda raigame nos oleiros populares e mesmo no mundo industrial (recordemos a nosa inicial alusión á cerámica de Pontecesures). Unha brisa de aire fresco no panorama do fin da ditadura, aínda non suficientemente valorado na súa transcendencia como embaixadora da nosa presenza cultural no mundo.

Fillo de emigrantes, tivo sempre moi presente a estes heroes anónimos desarraigados de Galicia que se distribuían polo mundo na procura dunha oportunidade na vida. O Concello de Oleiros levantou o proxecto de Seoane, "Monumento aos emigrantes", no que pasa por ser o único proxecto escultórico do artista que coñeza-

mos, despois do fracasado monolito presentado para o Foro Mundial de Pesca a celebrar en Vigo pouco tempo despois do seu regreso a Galiza.

Pontevedra a 21 de Maio de 2010

